

RESOLUCIÓN POLA QUE SE PUBLICA A LISTAXE PROVISIONAL DE SOLICITUDES CONCEDIDAS E DENEGADAS PARA ORGANIZAR OS OBRADOIROS DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA NO PRIMEIRO CUADRIMESTRE DO CURSO 2023/2024 NO CAMPUS DE PONTEVEDRA

Por resolución reitoral do 21 de xuño de 2023 publicouse a convocatoria de axudas para organizar os obradoiros de extensión universitaria da Universidade de Vigo no primeiro cuadrimestre do curso 2023/2024.

Unha vez examinadas as solicitudes recibidas para o campus de Pontevedra pola comisión de selección, delegada do Consello de Campus de Pontevedra, esta reitoría

RESOLVE:

Primeiro. Facer pública a listaxe provisional de solicitudes concedidas e denegadas para organizar os obradoiros de extensión universitaria no campus de Pontevedra durante o primeiro cuadrimestre do curso 2023/2024. **(Anexo I).**

Segundo. Establecer un prazo de 5 días hábiles, que contará dende o día seguinte ao da publicación desta resolución, para presentar as alegacións que se consideren oportunas. Para tal fin a persoa que coordina o obradoiro presentará a documentación de alegacións a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) entrando no procedemento “Emenda e mellora da solicitude” e facendo referencia ao número de rexistro da solicitude.

Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica

O reitor

Por delegación (R.R. do 22/06/2022, D.O.G. do 6 de xullo)

A vicerreitora do campus de Pontevedra

Eva María Lantarón Caeiro



ANEXO I

Lista provisional de solicitudes concedidas:

Titulo do obradoiro	Persoa encargada da dirección do obradoiro	Importe concedido
Comunícate coas mans. Lingua e cultura da comunidade xorda	Ana María Fernández Soneira	1.000,00€
Iniciación da escalada en rocódromo	Águeda Gutiérrez Sánchez e Diego Alonso Fernández	1.500,00€
Punch Needle & Tufting gun	Marcos Alberto Covelo Pérez	1.500,00€
Técnica fotográfica	María del Mar Rodríguez Caldas	1.500,00€
Identificación de cogomelos. Nivel I	Paula Estévez Caride	1.500,00€
Creación, paisaxe e xénero	Iria Vázquez López	1.500,00€
Iniciación á marcha nórdica	Rodolfo Iván Martínez Lemos	1.500,00€

Lista provisional de solicitudes denegadas:

Titulo do obradoiro	Persoa encargada da dirección do obradoiro	Motivo denegación
Visión & Composición fotográfica	María del Mar Rodríguez Caldas	Xa foi aprobada outra proposta con temática similar.
Identificación de cogomelos. Nivel II	Mauro Rivas Ferreiro	Xa foi aprobada outra proposta con temática similar.

